

ANEXO VI: PLAN DE CONTINXENCIA NO CENTRO EDUCATIVO CEIP PLURILINGUE VÍCTOR LÓPEZ SEOANE A CORUÑA

O Plan de Continxencia do centro educativo CEIP PLURILINGUE VÍCTOR LÓPEZ SEOANE. A CORUÑA ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

O Plan de Continxencia axustase ao Protocolo das Consellerías de Sanidade e Educación, na súa adaptación concreta a este centro educativo. Trátase dun plan adaptable e modificable en función da situación epidemiolóxica do contorno.

ACTUACIONES PREVIAS DIANTE DA APARICION DUN GROMO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

2. Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado:

- Levaráselle á sala de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta sala disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal.
- Colocaráselle unha máscara cirúrxica.
- Contactarase coa familia. A familia chamará ao seu centro de saúde para pedir cita no día. Se non, chamarase ao Centro de saúde de referencia do CEIP ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.
- A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:
 - Máscara cirúrxica,
 - Levas, se a persoa presenta síntomas.
 - De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houbese dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.
 - Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados

por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo.

- O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.
- Se da positivo un alumno/a no centro, chamar a Xefatura Territorial de Sanidade, quen investigará os contactos estreitos.

3. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso, nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19, *a petición dos servizos de saúde a través de EduCOVID, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.*

5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.

Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumnado ou o persoal do centro que convivan con elas non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.

6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguíanse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

Dende a Consellería de Educación habilitase unha canle informática, denominada "EduCovid", específica para a comunicación dos datos básicos dos contactos próximos dos casos confirmados. A información será accesible para o persoal sanitario que determine a autoridade sanitaria e utilizarase para que o Centro de Seguimento de Contactos alerte da existencia de casos positivos confirmados no centro.

7. A autoridade sanitaria, en coordinación **coa Consellería de Educación**, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia **determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena** o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a

súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade. Nos seguintes supostos:

- Se un positivo nunha aula: corentena da totalidade de alumnos, e do profesor.
- Se 3 positivos en 7 días: peche do nivel educativo ou do centro.

9. A aparición dun **contaxio sospeitoso con posterior confirmación** é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.

10. A **suspensión da actividade lectiva presencial suporá** a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

ACTUACIONES

PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

11. **O ensino non presencial será impartido** polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo.

O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

12. **O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento** para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

13. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos **períodos ordinarios de avaliación** do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

14. **Durante o período de suspensión da actividade presencial** o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

a) Nos cursos de Educación Infantil utilizaremos con carácter xeral a plataforma Abalar Móbil para o **contacto familia-escola** e, no caso de familias que non

dispoñan de dita plataforma a sección na páxina web, correo electrónico ou o teléfono..

Por outra banda, na **aula virtual** do centro existe un espazo para a educación infantil que usaremos como **banco de recursos**.

No caso de suspensión da actividade presencial, ademais do contacto coas familias a través das plataformas mencionadas anteriormente, as mestras organizarán sesións a través de **cisco-webex** para manter un contacto máis directo. A periodicidade dependerá das circunstancias e necesidades do momento.

As familias que **non poidan ter acceso a aula virtual**, tentarase buscar a solución de facilitarlles traballo coa periodicidade a determinar. Facilidades dende o centro facilitándolles impreso o traballo semanal ou a través do programa do Concello.

Durante os primeiros días do curso realizarase un rexistro das necesidades das familias a nivel informático para intentar solventalas de cara a estar preparadas no caso de volver a actividade non presencial.

b) Para os cursos de 1 e 2º EP dacordo as instrucións da Consellería:

- O ensino non presencial será impartido polo profesorado a través da Aula Virtual e a web do cole. Tamén teremos en conta as axudas do Concello para aqueles nenos/as que o precisen.
- Poderase facer uso de calquera outra ferramenta dixital que facilite ao alumnado as súas tarefas de aprendizaxe.
- O seguimento farase a través da propia Aula Virtual ou dos correos electrónicos das familias.
- Para comunicarnos coas familias utilizaremos Abalar Mobil, Aula Virtual, Correo electrónico, ou si fose o caso, teléfono.

c) Ademais nos cursos 3º e 4º EP o profesorado poderá utilizar, ademais do aula virtual, outras aplicación ou blogs que faciliten ao alumnado a súa tarefa de aprendizaxe. Servirá de canle de comunicación co alumnado, subida de recursos de elaboración propia e bancos e bancos de recursos como o de ABALAR.

d) O alumnado de 5º e 6º de primaria empregará o entorno EVA de Edixgal, xa que cada alumno terá cargados no seu PC todos os contidos necesarios para seguir o seu proceso de aprendizaxe, sen esquecer as video conferencias que se consideren necesarias para reforzar estas aprendizaxes.

No caso de non ter internet utilizarán o EVA-off line.

e) En xeral, como recursos alternativos a empregar na aula virtual están os elaborados polo profesorado en nos diferentes niveis aloxados na web do centro, que é o enlace de referencia para o traballo do alumnado.

O profesorado ten a capacidade para decidir cal das plataformas de axusta máis ás necesidades do seu alumnado, para un bo desenvolvemento da aprendizaxe.

Do mesmo xeito as familias poderán atopar na web da Consellería contidos Abalar e dixitais do Ministerio de Educación.

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

15. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase unha planificación do retorno a actividade presencial na Fases do cadro adxunto. Estas Fases son tentativas e modificables en función da situación epidemiolóxica do contorno.

FASE	DURACIÓN	% ALUMNADO	ACTUACIÓNS
Fase 1 Adecuación dos espazos	1 semana, de luns a venres.	0%	<ul style="list-style-type: none">• Análise dos espazos e as súas necesidades.• Desinfección dos espazos.• Revisión do plan de adaptación acordo as novas circunstancias.• Revisión do plan de organización interna acordo as novas circunstancias.
Fase 2 Formación de pequenos grupos	1 semana, de luns a venres.	30% de alumnado simultáneo en cada aula	<ul style="list-style-type: none">• Formación do alumnado nas medidas de prevención na aula e no recreo.• Entrenamento da mobilidade interior no centro educativo.• Sensibilizar as familias na colaboración para a prevención.• Informar á comunidade dos novos protocolos.• Combinar ensino presencial e a distancia.
Fase 3 Reforzo das medidas aprendidas	1 semana, de luns a venres.	70% de alumnado simultáneo en cada aula	<ul style="list-style-type: none">• Actuacións da Fase 2 con maior % de alumnado.• Resolución das incidencias e dificultades no ensino a distancia da Fase 2.
Fase 4 Reactivación	1 semana, de luns a venres.	100% de alumnado simultáneo en cada aula	<ul style="list-style-type: none">• Actuacións da Fase 3 con maior % de alumnado.• Reiniciar o ensino presencial.• Avaliación do aprendizaxe.